

INDICACIÓNS

1. Observar detidamente a imaxe ou viñeta, ou ler comprensivamente a gráfica ou mapa.
2. Sinalar os elementos claves que deben ser comentados ou analizados.
3. Analizar o texto (imaxe, gráfica, mapa, viñeta...):
 - a. **CONTEXTUALIZACIÓN.** A análise deberá comezar por unha explicación razoada arredor da situación da lingua na sociedade.
 - b. **INTERPRETACIÓN.** A análise deberá ter en conta sempre a imaxe dada, gráfica, mapa, viñeta... Servirase dela nas explicacións sen utilizala como pretexto.
 - c. **ANÁLISE.** As explicacións deberán estar relacionadas cos conceptos de Sociolingüística e/ou a Historia da Lingua da etapa solicitada. Deberán incorporar as aclaracións (descricións, precisións, definicións...) necesarias sobre os termos que se pregunte ("estándar", "diglosia", "prexuízos", "reintegracionismo", etc.).
4. Crear (escribir) un novo texto atendendo á expresión propia dun exercicio académico deste nivel educativo.

EXPRESIÓN: O resultado deberá ser un texto correcto gramatical e ortograficamente, respectuoso coas propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión) e cun léxico preciso.

OBSERVACIÓN: Estes criterios de cualificación están pensados para un comentario que posúa de **250 a 300 palabras**. Pois non é o mesmo cometer 10 erros de expresión nun comentario de 300 palabras, que cometer 10 erros nun comentario de 100 palabras. En consecuencia a puntuación será proporcional ao número de palabras.


PREGUNTA ABAU (4)

MODELO 1-b. Explique a situación que denuncia Marilar Aleixandre no seguinte artigo, empregando os conceptos técnicos de "normalización" e "axentes de transmisión lingüística". Sinala dúas posibles medidas de normalización que poidan contribuír á súa superación. (250-300 palabras) (2.5 puntos)

Nestes días fíxose viral un vídeo no que Moraima ten unha conversa con Siri a través da tableta. A nena, pacientemente, atende a Siri, repetindo en galego o que a asistente virtual di en castelán: "estou aquí para axudarte", "puedo ayudarte en algo más?" pregunta Siri, ao que Moraima responde, con toda lóxica: "pois... si, en recoller as cousas", facendo un aceno en dirección a mochila, xoguetes e roupa estrados polo chan. "Creo que no te entiendo", di Siri, e Moraima, "Porque eu falo en galego, sabes Siri?" Galegofalante consciente de que lingua fala, de que é diferente da da máquina. Nun intre de perigo tanto da transmisión do galego, como da preservación polas nenas e nenos que reciben o galego na casa e corren risco de perdelo na escola –na meirande parte dos casos non polas mestras, senón polas outras crianzas–, o de Moraima é un exemplo a seguir. E mostra por que demandamos asistentes virtuais e produtos informáticos en galego. Porque, sabes Siri? Eu falo galego e quero seguir falándoo.

Marilar Alexandre. *Nós Diario*. 25/09/2021 (adaptación).

MODELO 2. Analice o seguinte gráfico sobre a lingua inicial en Galicia en función da idade (IGE, 2018) e sinala dúas posibles medidas de normalización en relación coa situación descrita. (250-300 palabras) (2.5 puntos)




MODELO 3-b. Sitúe o seguinte texto na época correspondente da historia da normativización e indique dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Explique brevemente os avances para a normalización da lingua deste período e por que acontecemento histórico se viron truncados.

Por amaina-la concencia guindei co meu tiduo de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial, mais unha noite foron requerído-los meus servizos. Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Doume as “boas noites” e rompeu a chorar, e por antre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que somentes logrou decirme que tiña un fillo a morrer. O probe pai turraba por min, i eu deixábame levar, enfeitizado pola súa door. Dispois de todo eu era médico tidoado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de complacelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia...

Castelao. “O retrato”. *Retrincos* (1934).

MODELO 3-c. Analice o texto da imaxe, indicando as principais características sociolingüísticas da época na que foi escrito (1942) e difundido. Explique as consecuencias deste período para os prexuízos lingüísticos cara ao galego. (250-300 palabras) (2.5 puntos)



MODELO DE ANÁLISE DUNHA VIÑETA (1-a)

MODELO 1-a. Analice esta viñeta, de xeito que inclúa na explicación o significado técnico dos conceptos “prexuízo”, “lingua dominante”, “lingua minorizada”. Sinala dúas posibles medidas de normalización que poidan contribuír á súa superación. (250-300 palabras) (2.5 puntos)



Os prexuízos xerados contra o galego existen desde os inicios da situación diglósica, unha vez que o castelán se asentou como idioma de prestixio no noso país (fins da Idade Media) e teñen sido alentados desde o poder centralizador, en diversos períodos históricos (Séculos Escuros ou ditadura franquista), coa finalidade de denigrar o galego fronte á lingua do Estado, no marco dun proceso de substitución lingüística.

*Se ben na actualidade parece que se reduciron as consideracións pexorativas sobre o galego, hai algunhas que perduran e mesmo se están detectando outras novas. Como vemos na viñeta, **o uso do galego como unha descortesía perante persoas descoñecidas** é un deses prexuízos instalados na nosa sociedade. É normal que os galegos pensemos que nos temos que adaptar aos costumes e á lingua propias doutro país ao que vaiamos. Pero non é normal que pensemos que debemos ser nós os que debemos adaptarnos á lingua das persoas foráneas castelanfalantes que viven na nosa comunidade e non fan ningún esforzo por aprenderen a nosa lingua. A pretendida falta de comprensión do galego é máis un problema de actitude que un problema real de comunicación, dado o gran parecido existente entre galego e castelán. Máis que unha descortesía do galegofalante, estamos ante unha falta de respecto pola lingua autóctona que pode facer que en ocasións un galego se poida sentir estranxeiro na súa propia terra ao ser recriminado por empregar a lingua propia.*

Se temos en conta que os prexuízos lingüísticos son xuízos de valor negativos emitidos sobre unha lingua ou os seus falantes a partir de realidades simplificadas, manipuladas ou inventadas, comprenderemos que repercutan gravemente no uso do galego ao relegalo a un emprego diglósico (como lingua minorizada, desprestixiada) promovendo a súa substitución pola lingua hexemónica (prestixiada desde o poder). Un dos resultados máis dramáticos disto é a perda progresiva de falantes galegos, tal como reflicten os últimos estudos sociolingüísticos.

MODELO DE ANÁLISE DUN TEXTO NON LITERARIO (1-a)

MODELO 3-a. Sitúe o seguinte texto na época correspondente e indique dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Sinala brevemente un aspecto positivo e outro negativo da situación social do galego neste período. (250-300 palabras) (2.5 puntos)

“Eu caraiterizaría aos homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo qu’eramos -e somos- os auténticos vencidos da vida. (...) O probrema dos inadaptados é un dos grandes problemas das decadenzas. Hai nises tempos d’economía, de políteca e de técnica, unha chea de naturezas estremadamente delicadas e coscentes, depositarias das mais depuradas esenciais da cultura...”.

Vicente Risco, “Nós, os inadaptados”, Nós, 1933

No comezo do século, o galego continúa a ser a lingua da maioría da poboación, mais vinculada aos sectores rurais; pero a medida que medra o sector terciario e vai consolidándose un éxodo cara ás cidades, o galego comeza a perder falantes. Conscientes disto, diversos grupos culturais e políticos loitarán pola súa recuperación como lingua culta. Entre estes destacan as Irmandades da Fala e o Grupo Nós. A ambos pertenceu Vicente Risco, quen liderou nos anos vinte do século XX o nacionalismo galego culturalista xurdido da escisión das Irmandades; tamén foi un piar da Xeración Nós, como director da revista que lle deu nome ao grupo.

Como todos os escritores deste período, Risco caracterízase por intentar superar o dialectalismo ou interdialectalismo anterior, en favor do supradialectalismo, xerme da posterior normativa. Perseguen limpar a lingua de castelanismos, pero sen unha seria base lingüística, polo que acabarán adoptando formas mesmo inventadas nun afán diferencialista do castelán, como podemos observar neste texto (“coscentes”, “decadenzas”). Rexeitan formas cultas coincidentes co castelán (“caraiterizaría”), empregándose no seu lugar outras hipergaleguizadas ou vulgares (“probrema”). O castelán é a referencia para a ortografía, persistindo unha grande inseguridade gráfica. Só houbo acordo en usar unha escritura foneticista para reproducir fenómenos propios da fala, dando pé a numerosos apóstrofos e guións de enlace (“qu’eramos”, “d’economía”). Configúrase un galego escrito de laboratorio, afastado da fala real.

Durante esta etapa resultan positivos os primeiros intentos de consecución dun estándar, destacando o Compendio de Gramática Galega de Carré Alvarellos, a Gramática do idioma galego de Luguís Freire e Algunhas normas pra a unificazón do idioma galego do Seminario de Estudos Galegos, que foi adoptado pola publicación A Nosa Terra. Se ben, a cara negativa foi que o castelán converteuse na lingua hexemónica entre as clases dirixentes e nos distintos ámbitos de uso formais mentres que o galego ficou excluído do ensino e dos medios de comunicación.